

**EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 16 DE MARZO DE 2015.**

**Presidente:**

D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS.

**Concelleiros:**

D. CAMILO GONZÁLEZ BODANO.

D<sup>a</sup>. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO.

D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ.

D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA.

D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ.

D<sup>a</sup>. MARÍA PILAR LÓPEZ CARRÓN.

D. MANUEL GÓMEZ ESTEVEZ.

**Secretario Xeral:**

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

**1.- APROBACIÓN DA ACTA NÚM. 11/2015 DE 9 DE MARZO DE 2015.**

Acordouse aprobar a acta núm. 11/2015, correspondente á sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 9 de marzo de 2015 e proceder a súa transcripción ao libro de actas.

**2.- LICENZA DE OBRA.**

**2.1.-** Acordouse **CONCEDER LICENZA DE OBRA para a construción dunha vivenda unifamiliar en Vilasancho, nº 41, Sello, Lalín**, e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal de data 09/03/15 en concepto de Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras por importe de **5.098,35 euros**.

**3.- LICENZA DE SEGREGACIÓN.**



**3.1.-** Acordouse corrixir un erro material apreciado no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 19 de xaneiro de 2015, punto 3.1 da acta, licenza de segregación, segundo informe técnico de data 11/3/2015.

#### **4.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRA.**

**4.1.-** Acordouse **A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para ampliación de explotación de vacún na parcela denominada “Coto Mamuela” (polígono 127, parcela 291), sita no lugar de Maceira, parroquia de Maceira, Lalín,** e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 06/03/15 por importe de de **920,01 euros** en concepto de ICIO.

#### **5.- INFORME PREVIO.**

**5.1.-** Acordouse aprobar o informe do técnico municipal de data 06/03/2015 para a **realización dun cerramento na parcela con referencia catastral 5381509NH6158S0001FE, sita en Gondoriz Grande, Vilatuxe, Lalín.**

#### **6.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.**

**6.1.-** Acordouse aprobar o Plan de Seguridade e Saúde e o Programa de traballos da obra **“MELLORA DE CAMIÑOS EN LALÍN-PLAN MARCO 2014-2015”**.

**6.2.-** Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de **37.755,63 €** (IVE incluído), con destino á realización das obras denominadas **“Pavimentación das pistas de tenis”** e contratar as obras coa empresa **GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS S.L.**

**6.3.-** Acordouse resolver o contrato administrativo denominado **“SERVIZO DE ASESORAMENTO TÉCNICO EN MATERIA DE FACTURACIÓN ELÉCTRICA E AFORRO ENERXÉTICO”** adjudicado a D. JAVIER DE ANDRÉS MOSQUERA, mediante acordo da Xunta de Goberno Local de 16 de xuño de 2014, e proceder á devolución e cancelación da fianza depositada na Tesourería Municipal o día 16/06/2014 como garantía definitiva para responder do cumprimento do contrato por importe de **636 euros**. Así mesmo, acordouse contratar coa empresa **NOGAWATIO S.L.** o **SERVIZO DE ASESORAMENTO TÉCNICO EN MATERIA DE FACTURACIÓN ELÉCTRICA E AFORRO ENERXÉTICO**, con arranxo aos contratos menores de servizos, por importe de **1.286,60 euros mensuais**



## **7.- RECURSO DE REPOSICIÓN DO P.S. DE G-P.S.O.E.**

Acordouse desestimar o recurso de reposición interposto contra o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de 19 de xaneiro de 2015, pola realización do Servizo de Mantemento do Campo de Fútbol Manuel Ángel Cortizo, confirmándoo en tódolos seus termos.

## **8.- EXPEDIENTE DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.**

**Quedou pendente para un mellor estudo.**

## **9.- EXPEDIENTE DE LICENZAS DE TAXI.**

**9.1.-** Acordouse remitir copia do expediente completo e do informe técnico emitido polo Sr. Secretario Xeral do Concello de Lalín, de data 13 de marzo de 2015, ao Servizo de Mobilidade da Xefatura Provincial da Consellería de Medioambiente, Territorio e Infraestruturas aos efectos de que emitan informe sobre a procedencia da transmisión da autorización interurbana de taxi, segundo o disposto no artigo 17 da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia.

## **10.- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS.**

**10.1.-** Acordouse proceder á devolución da fianza Depositada pola **Comunidade de Propietarios do Edificio Peirao** depositada na Tesourería Municipal polo importe de **1.200 euros**, como garantía para responder das obras realizadas no mencionado edificio, e á súa cancelación.

## **11.- CERTIFICACIÓNS DE OBRAS.**

Acordouse pola **Xunta de Goberno Local** aprobar as seguintes certificacións de obra:

**11.1.-** Certificación de obra núm. 3 da obra **“REHABILITACIÓN DA ANTIGA CASA DO CONCELLO DE LALIN”**, cun importe que se acredita para o seu abono ao adxudicatario de **25.966,08 €**.

**11.2.-** Certificación de obra núm. 1 da obra **“ACONDICIONAMENTO E**



Secretaría Xeral

**MELLORA DO EDIFICIO DA ANTIGA BIBLIOTECA MUNICIPAL**", cun importe que se acredita para o seu abono ao adxudicatario de **16.951,45 €**.

**11.3.- Certificación de obra núm. 1 e final** da obra **"AGLOMERADO EN RÚA F, PINTOR LAXEIRO E RÚA MOLINERA"** pusim/2014 CO072014, cun importe que se acredita para o seu abono ao adxudicatario de **174.386,83 €**.

## **12.- FACTURAS E CONTAS.**

**12.1.-** Acordouse aprobar e declarar de abono facturas por importe total de **156.666,36 €**

## **13.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.**

**13.1.-** Acordouse a **concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía**, co número 01/2015.

**13.2.-** Acordouse aprobar a concesión de tres axudas de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade, por importes de **122,06 euros, 186,16 euros e 56,48 euros**.

**13.3.-** Acordouse a ampliación temporal no Servizo de Axuda no Fogar modalidade libre concorrencia motivada polo agravamento de saúde da persoa solicitante.

**13.4.-** Acordouse aprobar un expediente SIGAD/SIUSS, con un total de 70 horas.

**13.5.-** Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de **4.130 €** (IVE incluído), con destino á adquisición dun remolque adaptado ó camión municipal de bacheo para o transporte do pisón, con D. José Manuel Vázquez González, e autorizar e comprometer un gasto por importe de **1.361,25 €** (IVE incluído), con destino á adquisición e instalación dun sistema de enganche no camión municipal de bacheo para o transporte do pisón no remolque adaptado coa empresa Comercial Vehículos Industriales TAR, S.L.

**13.6.-** Acordouse a baixa dunha operaria de limpeza contratada ao abeiro do Plan de Conservación e Funcionamento de Bens e Servizos Municipais 2015 en base á súa solicitude de renuncia, e proceder á contratación da seguinte candidata con maior puntuación no proceso de selección.

**13.7.-** Acordouse **aprobar as liquidacións en concepto de prezo público pola**



Secretaría Xeral

**prestación do servizo de Axuda no Fogar na modalidade de Dependencia**, correspondente ao mes de febreiro de 2015, por importe total de **4.815,89 €**, e aprobar a liquidación presentada pola empresa concesionaria, **GALAUREA S.L.**, relativa ao Servizo de Axuda no Fogar na modalidade Dependencia, prestado durante o mes de FEBREIRO do presente ano, que supón un importe líquido a pagar polo Concello de **23.330,13 €**.

**13.8.- Acordouse aprobar as liquidacións en concepto de prezo público pola prestación do servizo de Axuda no Fogar na modalidade de Libre Concorrenncia**, correspondente ao mes de febreiro de 2015, por importe de 472,56 €, e aprobar a liquidación presentada pola concesionaria **GALAUREA, S.L.**, que supón un importe líquido a pagar polo Concello de **3.882,15 €**.

#### **14.- CORRECCIÓN DE ERROS.**

**14.1.-** Acordouse corrixir o seguinte erro padecido na sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 22 de decembro de 2014, no punto 7.6.

**14.2.-** Acordouse corrixir o erro padecido na sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 23 de febreiro de 2015, no punto 5.1.

#### **15.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.**

**15.1.-** A Xunta de Goberno Local quedou enterada do escrito remitido pola **Xefatura Territorial de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza de Pontevedra, de data 13 de marzo de 2015, número de rexistro de entrada 1487**, coa que achegan resolución de autorización da proba deportiva denominada “Ruta do Cocido de Lalín 2015” que se realizou o día 15 de marzo de 2015.

**15.2.-** Acordouse autorizar á **Escudería Lalín Deza** a celebración da proba **XXI<sup>o</sup> RALLYE DO COCIDO**, a celebrar os vindeiros días **20 e 21 de marzo de 2015 en Lalín**.

=====

